

DESDE
2007

Herald Toupeiras SPECIAL EDITION



Boletín Independente dos Empregados Públicos

DEFENDENDO O PÚBLICO

MARZO DE 2011

Os máis de 160.000 empregados públicos da Administración galega asistimos perplexos desde fai tempo como determinados medios de comunicación falan do noso traballo recorrendo aos tópicos máis banais e a demagogia máis burda e fácil sen importarlle o máis mínimo o desprestixio e desprezo que os seus artigos, carentes de toda rigorosidade, causan, non só aos traballadores que exercemos a función pública de pleno dereito e tras seguir os cauces legais e formativos marcados pola lei a que ten acceso calquera cidadán, senón tamén aos servizos públicos que se prestan á cidadanía.



Non deixa de ser curioso que sexa precisamente a prensa escrita máis subvencionada a que nestes momentos de crise, que tamén afecta ao seu sector, publique seudoreportaxes onde o único que lles falta é chamarnos vagos, tentando transmitir que “a cultura do escaqueo e do relax” está implantada na Administración Pública sen o máis mínimo asomo de pudor. Casualmente, tras a publicación destas informacións sobre a falta de control nos tempos de traballo e sobre a labor do empregado público, infórmase nos por esta prensa subvencionada, xa que ningún organismo da Administración dignouse a comunicárnolo directamente aos representantes legais dos traballadores, que a Xunta vaise a gastar nada menos que 700.000 euros en implantar un novo sistema informático para controlar horarios, baixas e iniciar a apertura de expedientes disciplinarios. Así, este gasto xa estaría máis que xustificado ante a opinión pública galega debido á panda de indolentes que, facendo caso a estes artigos, estamos máis na cafetería da Xunta que nos nosos postos de traballo. Dende CSI-F non nos opoñemos ao control, naturalmente, pero si a esta nova demonización e desprestixio do noso traballo, así como a este novo gasto superfluo, e máis cando nos acaban de baixar, unha vez máis, o noso nivel adquisitivo, e cando na Administración existen informáticos plenamente cualificados e competentes para realizar melloras nos sistemas de inspección. Non esquezamos que é precisamente a Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica unha das meniñas mimadas de Alberto Nuñez Feijoo, aínda que na práctica se convertera nunha ferramenta máis coa que xustificar contratos externos a empresas amigas. Se esta Secretaría nin sequera ten a capacidade para “innovar tecnolóxicamente” un sistema de control axeitado para os empregados públicos, ¿que se pode esperar de ela?, ¿para que pode servir?

Os mesmos periódicos que queren degradarnos de forma tan evidente a través das súas informacións manipuladas, esaxeradas e mal intencionadas, algúns por certo, coa sombra de varios EREs sobre os seus traballadores, sobreviven grazas ás inxentes cantidades de fondos públicos que van tapando os buracos dos seus balances económicos a cambio de realizar o traballo propagandístico e nada periodístico das consellerías que lles pagan, así como o de alimentar continuamente as sospeitas sobre o noso colectivo, sen merecelo, e ofrecendo argumentos e abrindo camiño a futuros anuncios de redución de persoal na Administración galega. Así, CSIF non se opón a abrir o debate sobre o excedente, ou non, dos empregados públicos, pero unha vez que se peche o debate sobre o excedente, ou si, de políticos ociosos nun Parlamento en moitas ocasións baleiro e que se enriquecen a costa de todos nos; e cando tamén se peche o debate do porqué todos os galegos temos que subvencionar a grupos privados de comunicación que, con plantillas sobredimensionadas, non sobrevivirían por si sos nun mercado de libre competencia.

Se no seu día, a diferenza do que fixo algún editor destes periódicos subvencionados, non quixemos recordarlle a Alberto Núñez Feijoo que en Galicia os empregados públicos somos quen, por número e influencia, de quitar e poñer Presidente, agora si queremos lembrarlle a estes editores, e aos seus empregados que nos atacan, que a súa supervivencia real, non a subvencionada, pasa pola venta nos quioscos do seu produto, sempre que este ofrezca calidade e credibilidade. Pero, como xa podemos comprobar na nosa propia pel, algúns apostaron por seguir o camiño da mentira e da difamación. Os máis de 160.000 empregados públicos do conxunto das administracións galegas, que somos, por desgraza, dos poucos cidadáns que, aínda minguado, mantemos un salario fixo, xa sabemos en que periódicos debemos gastar un euro diario e en cales non, que non son outros que eses que, día a día, por alegrarlle a cara aos que mandan na Xunta, denigran o noso traballo e a nosa profesionalidade.

A campaña destes medios subvencionados contra os empregados públicos comezou tempo atrás tachando pouco menos que de “raterillos sen cultura” ao colectivo de condutores de altos cargos; continuou pouco despois abrindo o debate interesado sobre a posibilidade de EREs dentro da Administración; e proseguiu en pasados días divulgando una falsa e rastreira imaxe de “vagos e maleantes” dos empregados públicos de San Caetano. Pois ben, que os editores e periodistas sexan conscientes de que eles para nos son prescindibles, pero nos para eles non. Que os editores sexan tamén conscientes de que nos, os empregados públicos, tamén somos quen de variar os índices do OJD.

E, no futuro, que tampouco esquezan estes editores que na CSIF sempre facemos o que dicimos...



DEFENDENDO O PÚBLICO
Boletín Independente dos Empregados Públicos

CSIF Galicia
Sección Sindical
Servizos Centrais

Local Sindical San Caetano
Edif. Administrativo San Caetano
Tfno.: 981 54 59 89 – Fax: 981 95 72 73
e-mail: csif.sancaetano@xunta.es

Local Sindical San Lázaro
Edif. Consellería de Sanidade (SERGAS)
Tfno.: 881 54 28 01 – Fax 881 54 86 88
e-mail: csif.conselleria.sanidade@sergas.es

<http://heraldtoupeiras.es> / <http://facebook.com/herald.toupeiras>